

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

RESOLUCIÓN do 9 de setembro de 2013 pola que se anuncia a convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2013.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, das empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A Axencia substitúe o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril, modificada posteriormente pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro. O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A Axencia pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, pola súa vez, aumentar a exportación. Os destinatarios da axencia son as empresas culturais privadas dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais incorporados en calquera clase de soporte, así como de espectáculos ao vivo.

Con esta convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais quere fixar un novo marco de actuación baseado en tres premisas substanciais:

1. O incremento de público.
2. A consolidación de industrias culturais competitivas que xere un retorno.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos.



Por todo isto, en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, apróbase a convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o exercicio 2013, de acordo coas seguintes bases:

CAPÍTULO I

Ámbito e réxime das subvencións

Primeira. *Obxecto, finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación*

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e dos obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten por obxecto fixar as bases que regularán o réxime de subvencións establecidas pola Agadic para contribuír á promoción das industrias culturais, dentro do marco das competencias deste organismo, e proceder á súa convocatoria para este ano 2013.

2. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 2, números 2 ao 5 do Regulamento (CE) nº 1998/2006. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder dos 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se esta acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

No desenvolvemento desta resolución aplicarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.
- d) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas da Administración pública galega.



E supletoriamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que regula os requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico, que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta resolución de convocatoria.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

Segunda. *Beneficiarios*

1. Dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas condicións e cos criterios que se establecen nestas bases, poderán acceder a estas axudas as persoas físicas e xurídicas, así como as sociedades civís e comunidades de bens -ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia-, así como as unións temporais de empresas, que cumpran os requisitos específicos que se sinalan nesta resolución para cada modalidade de subvención, así como os requisitos referidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, os solicitantes declararán non estar incurso en tales circunstancias, consonte o establecido no anexo II desta convocatoria.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo 1, número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto,



da Comisión, en relación ás pemes e conforme o disposto no número 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación ás grandes empresas.

CAPÍTULO II

Modalidades de axuda: normas xerais

Terceira. *Réxime regulador, modalidades de axuda, imputación de créditos e contía de cada modalidade*

1. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase a través do réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria para cada tipo ou modalidade de axuda, coas excepcións establecidas no capítulo respectivo da modalidade C, relativas ao procedemento recollido no artigo 19.2 da Lei de subvencións de Galicia.

2. As subvencións convocadas imputaranse con cargo ao crédito que se sinala e a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito adecuado e suficiente. O seu pagamento financiarase con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que se determinen logo da aprobación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio correspondente.

3. As modalidades de subvención que comprende esta convocatoria son as que seguen:

A. Subvencións á actividade escénica.

a.1. Subvencións a empresas de nova creación.

a.2. Subvencións á produción de espectáculos de pequeno formato.

a.3. Subvencións á produción de espectáculos de mediano formato.

a.4. Subvencións á produción de espectáculos de gran formato.

a.5. Subvencións á produción de espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor.

B. Subvencións a salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada.



C. Subvencións á distribución.

c.1. Subvencións á distribución exterior.

c.2. Subvencións para a asistencia a feiras e outras plataformas de distribución.

c.3. Subvencións á distribución interior.

4. O importe global máximo das subvencións anteriormente detalladas será de 1.010.000 euros (un millón dez mil euros), suma que irá con cargo ás aplicacións orzamentarias 09.A1.432B.770.0 (no suposto da modalidade A) e 09.A1.432B.470.0 (no suposto das modalidades B e C) do exercicio de gastos da Agadic. Estas contías constitúen o importe global das aplicacións para o financiamento desta convocatoria de subvencións públicas.

5. O importe global máximo previsto no punto anterior distribuirase entre as referidas modalidades de subvención, ás cales se lles asignarán as seguintes contías máximas:

A. Para as subvencións á actividade escénica, 510.000 euros.

B. Para as subvencións a salas de teatro e artes escénicas privadas, 70.000 euros.

C. Para as subvencións á distribución, 350.000 euros.

6. Así, a distribución orzamentaria prevista será a seguinte:

Modalidade	Aplicación	2013	2014
A. Á actividade escénica	09.A1.432B.770.0	100.000	410.000
B. A salas de teatro e artes escénicas privadas	09.A1.432B.470.0	70.000	
C. Á distribución	09.A1.432B.470.0	350.000	

7. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras a declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución establecida nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.



CAPÍTULO III

Procedemento: solicitudes, valoración e xustificación*Cuarta. Inicio do procedemento: solicitudes e presentación das instancias*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á do peche da convocatoria.

As solicitudes dos interesados xuntaranse os documentos e as informacións previstos no parágrafo seguinte, salvo que a documentación exixida xa estivese en poder da Agadac; neste caso, o solicitante poderase acoller ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, e quedará eximido da súa presentación, sempre e cando así o faga constar e especifique a data e o órgano ou a procedencia en que foron presentados ou emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan; todo isto de conformidade co estipulado no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Estas bases, así como as solicitudes e os anexos que se xuntan, estarán dispoñibles nas dependencias desta axencia e na súa páxina web e tamén quedarán expostas no taboleiro de anuncios da Agadac e debidamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Quinta. Prazos para a instrución e tramitación das solicitudes

1. O prazo para a presentación das solicitudes -sen prexuízo das especificidades propias previstas para a modalidade C- será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da



publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta, non se achegar a documentación exigida ou non se reuniren os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, indicando ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei, segundo o previsto no artigo 71.

Sexta. Documentación xeral requirida aos solicitantes

1. Ademais da solicitude, as persoas interesadas subvencións presentarán, con carácter xeral, a seguinte documentación, mediante orixinal ou fotocopia compulsada ou debidamente autenticada:

1º DNI ou NIE do solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no sistema de verificación de datos de identidade.

2º Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.

3º Se o solicitante é unha persoa xurídica, orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada do CIF ou documento equivalente; orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no Rexistro Mercantil ou o que corresponda e documentación que acredite de forma suficiente a representación e identidade de quen asina a solicitude, xunto co certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade.

No suposto de se tratar de sociedades civís e comunidades de bens -ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia-, deberán nomear un

CVE-DOG: hd6a2ox6-nk60-ngt2-07k9-5z7i1sk4wen0



representante ou apoderado legal único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación (deberán facer constar tal circunstancia tanto na solicitude como na aceptación da concesión da axuda e, deberán, igualmente, facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se lle aplicará a cada un).

Así mesmo, deberásele exixir a este tipo de agrupacións sen personalidade xurídica propia o compromiso da súa non disolución durante todo o tempo que dure a actividade subvencionada, consonte o artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4º Declaración comprensiva de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* ou, de ser o caso, declaración de que non solicitou ou percibiu outros ingresos ou subvencións (anexo II).

5º Declaración de non ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1, letra h), do Regulamento (CE) nº 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (anexo II).

6º Documentación específica para cada tipo ou modalidade de axuda a que se presenten as persoas interesadas e que se recollen nos capítulos seguintes desta convocatoria.

A documentación poderá ser entregada en soporte papel, CD ou en memoria USB. En calquera dos soportes que se presente deberán figurar os mesmos ficheiros e con igual contido. Todos os ficheiros deberán incorporar un índice do seu contido. Os formatos dos ficheiros poderán seren PDF ou Excel. Se se inclúen ficheiros con fotografías ou debuxos, serán en formato JPG.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela.



2. A presentación da solicitude de concesión de subvención por parte do interesado comportará a autorización automática á Agadic para que esta poida solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia. Porén, o solicitante poderá denegar expresamente tal consentimento mediante escrito presentado ante o órgano xestor e deberá presentar neste caso os certificados indicados nos termos previstos regulamentariamente.

3. O/A solicitante dará o seu consentimento expreso para a comprobación telemática do DNI ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos. No caso de que o solicitante non queira autorizar a Agadic para obter os datos do seu DNI, terá que achegar a copia deste xunto co resto da documentación.

Sétima. Procedemento de concesión das subvencións: instrución e competencia para a avaliación das solicitudes

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instructor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio tantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1. Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2. Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultar de obrigado cumprimento.

3. Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ou aos profesionais ou expertos consultados. En todo caso, a Dirección da Agadic poderá requirir os solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas



encargadas da tramitación e do seguimento do expediente respectivo poderán comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que deriven destas bases. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Agadic para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

3. Para a concesión das subvencións nas súas distintas modalidades e variedades serán tidos en consideración os criterios e as puntuacións que se relacionan e prevén nos capítulos V e seguintes desta resolución, para cada tipo ou modalidade de subvención.

4. As comisións de valoración a que se refire a cláusula seguinte examinarán os proxectos, tendo en conta os criterios de valoración que en cada modalidade se especifican nos citados capítulos desta normativa. Así mesmo, elaborarán un informe preceptivo, relacionando os proxectos examinados por orde de prelación.

5. Unha vez entregado o informe preceptivo por parte da Comisión de Valoración, a Dirección da Agadic elaborará a proposta de resolución e indicará o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas.

6. Malia o disposto, e para o suposto da modalidade C, tramitarase mediante un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola Dirección da Axencia, elevándoos á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvencións nestas modalidades examínanse e serán outorgadas, sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no Rexistro da Agadic.

No suposto da modalidade C, ao se tratar dunha convocatoria aberta que dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, a Agadic publicará no DOG o esgotamento da partida orzamentaria asignada, así como a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar dos subtipos de subvención indicados. Desde o momento en que se esgote o crédito orzamentario non serán outorgadas novas subvencións a estas modalidades, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: hd6a2ox6-nk60-ngt2-07k9-5z7i1sk4wen0



Oitava. Comisións de valoración

1. Para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha comisión de valoración (ou comisión avaliadora), da cal non poderán formar parte aquelas persoas que estean directa ou indirectamente relacionadas cos expedientes obxecto de valoración. Tanto esta comisión como o órgano instrutor especificado na base anterior poderán solicitar dos interesados cantos datos e acreditacións xulguen necesarios para unha máis correcta baremación dos proxectos.

2. Existirá unha comisión de valoración para as modalidades A e B.

A comisión estará integrada polo director da Agadic -ou persoa en que este delegue- como presidente da comisión, por un membro do cadro de persoal da Agadic (que exercerá as funcións de secretario da comisión, con voz e sen voto) e polos seguintes vogais:

1. Tres expertos externos, nomeados pola Dirección da Agadic de entre persoas de recoñecido prestixio no mundo das artes escénicas en Galicia, por proposta das entidades máis representativas do sector.

2. Dous técnicos integrantes do cadro de persoal da Agadic, dos grupos I e/ou II.

3. A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e este non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso.

4. A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases para cada tipo e modalidade de subvención nas cláusulas que se detallan a seguir, emitirá un informe relacionando os proxectos examinados por orde de prelación e indicará a puntuación asignada a cada un deles.

Novena. Resolución da convocatoria

1. Unha vez cumprido o disposto nas cláusulas anteriores, o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e do informe da comisión avaliadora, ditará a proposta de resolución correspondente e indicará o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia da Agadic.

2. A Presidencia da Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2012, DOG nº 164), deberá ditar resolución expresa, no prazo de



15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. A citada resolución deberase ditar e notificar no prazo máximo de tres meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública, será motivada e fará mención expresa dos beneficiarios, da contía da axuda e dunha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos solicitantes.

3. A súa notificación ás persoas adxudicatarias da subvención cursarase no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao da súa adopción. Unha vez transcorrido o prazo máximo previsto para resolver o procedemento sen que se ditase ou publicase resolución expresa, poderase entender que esta é desestimatoria por silencio administrativo á solicitude de concesión da subvención. Deberá comunicarse por escrito ao beneficiario o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de axuda *de minimis* exenta en aplicación do Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro).

4. A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Décima. *Pagamento e xustificación. Documentación requirida*

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredítase que a actividade foi executada de acordo co programa e/ou proxecto presentados e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos á conta.

2. A Agadic -consonte as previsións estipuladas no artigo 31.6 da Lei de subvencións de Galicia e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento



da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia- poderá aboar como pagamento anticipado, que suporá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, e logo da presentación de certificación do inicio dos traballos e das declaracións de axudas previstas en cada unha das modalidades, de acordo coas seguintes condicións:

– Para a modalidade A: o importe da anualidade 2013, sempre que non supere o 50 % do importe concedido.

– Para as modalidades B e C: cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros, ata un 80 % da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros, ademais, un 10 % adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

O importe restante aboarase tras a acreditación polo beneficiario do cumprimento total das obrigas establecidas nestas bases.

3. Os beneficiarios que reciban pagamentos anticipados, cando estes excedan a cantidade de 18.000 euros, deberán constituír unha garantía, mediante seguro de caución prestado por unha entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110 % do importe do anticipo, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación. Quedan exonerados da constitución de garantía os beneficiarios e nos casos establecidos no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O prazo de xustificación da subvención percibida rematará nos períodos expresamente previstos nos capítulos seguintes para cada modalidade. Transcorrido o prazo de xustificación sen que esta se presente ante a Agadic, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación neste prazo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a documentación específica requirida para o aboamento de cada modalidade ou submodalidade de subvención, e que deberá presentar a persoa beneficiaria, será a recollida nos capítulos V e seguintes desta resolución.



5. Cando concorran varias subvencións solicitadas e concedidas ao mesmo beneficiario e polo mesmo órgano concedente, só será necesario que presente unha soa vez a documentación que resulte coincidente, tanto na fase de solicitude (prevista nas cláusulas cuarta a sexta destas bases) como na de xustificación do pagamento. O beneficiario deberá poñelo de manifesto en cada un dos expedientes.

6. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención outorgada en canto o beneficiario non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega; está autorizada a Agadic (consonte o previsto na cláusula 6ª, parágrafo 3, desta resolución) para proceder á comprobación e conseguinte verificación destes datos.

7. Será requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada a entrega dunha declaración complementaria do establecido na base sexta, 2.4ª, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* pola entidade beneficiaria nos tres últimos anos.

8. Igualmente, será requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada a xustificación e o debido cumprimento da totalidade das obrigas económicas e de actividades correspondentes ás subvencións que fosen concedidas pola Agadic durante o exercicio 2012.

CAPÍTULO IV Incompatibilidades e obrigas

Décimo primeira. *Obrigas dos beneficiarios*

1. Os beneficiarios destas axudas adquiren as obrigas que se reflicten nesta resolución e no resto da normativa de aplicación e, con carácter xeral, as que se relacionan a seguir:

1º Comunicarlle á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.



2º Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención -de acordo co programa ou proxecto presentado- durante o tempo máximo que se estableza e, en todo caso, antes da fin do prazo límite para a súa xustificación.

3º Xustificar a subvención concedida nos termos establecidos nos puntos ulteriores para cada modalidade.

4º Someterse ás actuacións de comprobación, control e inspección que efectúe o órgano concedente e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou a outros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento.

5º Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entes públicos autonómicos, nacionais ou internacionais, así como calquera outra modificación das circunstancias que no seu día foron tidas en conta para a súa concesión, e dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6º Os beneficiarios terán a obriga de dar a publicidade adecuada do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención mediante a incorporación de forma visible nos materiais que se utilicen para a súa difusión do logotipo da Agadic, coa súa adscrición á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, respectando as súas normas de identidade corporativa e inseríndoo nun lugar preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións que a entidade subvencionada.

7º Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario para cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos lle sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control, que poderá ser solicitado pola Agadic para a comprobación das xustificacións das axudas recibidas.



8º Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control previstas no número 5 deste punto e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

9º Aqueloutras obrigas establecidas nos artigos 11 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento dos anteriores deberes previstos e das obrigas por parte dos adxudicatarios dará lugar á exixencia das responsabilidades ou sancións previstas no título IV da indicada Lei galega 9/2007, sen prexuízo do disposto nas cláusulas 12ª á 14ª destas bases.

Décimo segunda. *Revogación e reintegro das subvencións*

1. Procederá a nulidade e revogación das subvencións concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas, nos casos e termos establecidos nos artigos 32 e 33 da Lei de subvencións de Galicia e na normativa de desenvolvemento da dita disposición legal, en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e das obrigas estipulados nesta convocatoria pública.

2. O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerase polo procedemento establecido no artigo 38 e no título VI da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo terceira. *Incompatibilidades e concorrencia doutras axudas*

1. O importe das subvencións reguladas nesta resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou patrocinios concedidos por outras administracións públicas ou entes públicos, autonómicos, nacionais ou internacionais, superen o 100 % do custo da actividade subvencionada que desenvolverá o beneficiario, isto sen prexuízo das particularidades e especificidades previstas para cada tipo ou modalidade de axuda, previstas nas cláusulas que seguen.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de subvención previstos nestas bases. Así mesmo, os gastos subvencionados non poderán servir como xustifi-



cación a subvencións de distintas convocatorias ou que afecten varios exercicios económicos, salvo nos casos expresamente previstos nestas bases.

3. Cando os proxectos, actuacións ou actividades obxecto de subvención fosen financiados, ademais, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberase acreditar na xustificación que se achegue o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

